



## **OFERTA DE TRABALLO TEMPORAL PARA CUBRIR OS POSTOS CREADOS AO ABEIRO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2021 EN ENTIDADES VECIÑAIS E/OU CULTURAIS (1ª CONVOCATORIA)**

O Centro Sociocultural A. R. de Valladares ofrece a posibilidade de optar a presentarse para cubrir os seguintes postos de traballo temporal, entre o 1 de maio e o 31 de xullo do 2021.

### **1º.- Traballador/a Social, durante 6 horas diarias.**

Titulación requirida: Diplomad@ ou Graduat@ en Traballo Social.

### **2º.- Monitor/a Educativo/a durante 8 horas diarias.**

Titulación requirida: Diplomad@ ou Graduat@ en Maxisterio ou Pedagogía, valoraranse outras titulacións a maiores.

### **Criterios de escolma para todos os postos, por orde de preferencia:**

1º.- Que teñan a titulación mínima requirida (primarase que dispoñan dun maior nivel de estudos académicos).

2º.- Dominio da lingua galega oral e escrita.

3º.- Si estes filtros non deixan un/ha únic@ candidat@ por posto, será a entrevista persoal a que decida @ profesional que se contrate.

No caso de que @s candidat@s non cumpran os requisitos, recurrirase a unha nova convocatoria, a oficina de Emprego ou a outras vías para cubri-lo posto.

### **CONDICIÓN IMPRESCINDIBLES:**

Non se admitirá como candidat@ a ningunha persoa que non resida no Concello de Vigo con anterioridade ó 1 de xaneiro do 2020, que non cumpra coa titulación requirida no posto, agás que ningún candidato dispoña dela, e que non estea en situación de desemprego.

### **A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

A documentación entregarase, a ser posible, en man, nas oficinas do Centro, en horario de 9,30 a 14,30 e de 16,30 a 21,30, nun sobre pechado coa denominación do posto ó que se opta, cunha fotocopia da tarxeta de desemprego, cun volante de residencia ou empadramento actualizado, o Curriculum Vitae e os contratos laborais ou acreditacións oficiais que proben a experiencia no posto, de ser o caso. Igualmente aportarán copia dos outros requisitos baremables, se os houber. Tamén se admitirán no correo-e [cvallada@ctv.es](mailto:cvallada@ctv.es)

**Prazo de entrega da solicitude : do 23 ó 29 de abril.**

**Data da escolma: 30 de abril.**

Esta oferta tamén pode consultarse na Web: [www.valladares.tv](http://www.valladares.tv), na web municipal "Asociacións en Rede", ([http:// asociacions.vigo.org](http://asociacions.vigo.org)) ou nos taboeiros de anuncios do CVCV, do Departamento de Promoción Económica e Emprego e no Centro de Iniciativas de Emprego do Concello de Vigo.

\* So se avisará @ candidat@ escolmad@

A XUNTA DIRECTIVA

SUBVENCIONA

CONCELLERÍA  
DE  
EMPREGO

CONCELLO  
DE VIGO

